

**18 – xuño - 2017 - Corpus Christi - A**

**Posibles ideas para unha homilía con nenos**

**Corpus: Eucaristía, punto de encontro  
cos irmáns e con Deus.**

### **1. VER: Punto de encontro**

- Nos aeroportos e nos grandes almacéns existe un lugar para quedar, por se nos perdemos, o “punto de encontro”. Alí citámonos ao terminar as compras ou ao pasar un tempinho.

*Onde quedades co grupo ou a familia?*

*Existe algún lugar onde te poidas encontrar con Xesús?*

### **2. XULGAR: A Eucaristía, punto de encontro**

- No evanxeo de hoxe, domingo de Corpus Christi, Xesús **dinos:** *“o que come a miña carne e bebe o meu sangue permanece en min e eu nel”*. E san Paulo ensínanos que así como *“o pan é un, nós, sendo moitos, formamos un só corpo, pois todos comemos do mesmo pan”*.

## **QUE NOS QUERE DICIR?**

### **1.- A Eucaristía é punto de encontro con Deus:**

- Xesús deixounos o mellor dos agasallos, a Eucaristía. **Quedou connosco** para ser o noso alimento e así *“habitar en nós e nós nel”*.
- Xesús dinos: *“Tomade e comedo isto é miña carne”*. Na eucaristía **comungamos con el:** ao comelo, quítanos a fame,

únenos a el, énchenos da graza, da vida divina, asemellámonos a el.

## **2.- A Eucaristía é punto de encontro cos irmáns:**

- **Toda a comunidade** reúnese o domingo en torno ao pan e ao viño, escoitamos a súa Palabra e aliméntanos co seu Pan.
- **Xesús parte o pan e repártese** para a vida dos crentes. E dilles: *“facede isto en memoria miña”*, é dicir, **facervos pan para os demais**, entregádevos uns polos outros, querédevos uns aos outros. Na eucaristía **comungamos cos irmáns**.

***Cando nos facemos pan para os demais?***

## **3. ACTUAR: Non faltes cada domingo**

- Participa todos os domingos na Eucaristía coa familia.
- Axuda nas lecturas, peticións, cantos, como acólitos ...
- Prepárate para comungar a Xesús: dándovos a paz, pedindo perdón, achegándovos con reverencia. Sínteo vivo en ti e dálle grazas.
- Procura facerte “pan para os outros” axudando, compartindo, perdoando, acollendo a todos. Non sexades corroscos (pan seco e duro) senón pan tenro coma Xesús, dándote a ti mesmo.
- Fagamos procesión do Corpus: de encontro, apertas e doazóns.
- Nas vacacións non te esquezas de Xesús, espérate na eucaristía. Estavos esperando, non lle falledes. A eucaristía, o punto de encontro tamén no verán.

***Que estás disposto/a a facer?***

*18 – xuño - 2017 - Corpus Christi - A*

## LECTURAS

**DEUTERONOMIO 8, 2-3. 14b-16a:**

*Alimentoute co maná, que ti non coñecías nin coñeceron os teus pais.*

**SALMO 47:**

**R/.** Glorifica ao Señor, Xerusalén.

**1ª CORINTIOS 10, 16-17:**

*O pan é un; nós, sendo moitos, formamos un só corpo.*

Irmáns:

O cáliz da bendición que bendicimos, non é comunión do sangue de Cristo? E o pan que partimos, non é comunión do corpo de Cristo? Porque **o pan é un; nós, sendo moitos, formamos un só corpo**, pois todos comemos do mesmo pan.

*Palabra do Señor.*

## **XOÁN 6, 51-58:**

*A miña carne é verdadeira comida, e o meu sangue é verdadeira bebida.*

**Narrador:** Naquel tempo díxolles Xesús aos xudeus:

**Xesús:** -«*Eu son o pan vivo que baixou do ceo; o que coma deste pan vivirá para sempre. E o pan que eu lles darei é a miña carne pola vida do mundo*».

**Narrador:** Disputaban os xudeus entre si:

**Xudeus:** -«*Como pode este darnos a comer a súa carne?*».

**Narrador:** Entón Xesús díxolles:

**Xesús:** -«*En verdade, en verdade vos digo: se non comedes a carne do Fillo do home e non bebedes o seu sangue, non tendes vida en vós. O que come a miña carne e bebe o meu sangue ten vida eterna, e eu resucitareino no último día. A miña carne é verdadeira comida, e o meu sangue é verdadeira bebida. O que come a miña carne e bebe o meu sangue permanece en min e eu nel. Da mesma maneira que o Pai que me enviou vive e eu vivo polo Pai, así, do mesmo xeito, o que me come vivirá por min. Este é o pan que baixou do ceo: non como o dos vosos pais, que o comeron e morreron; O que come este pan vivirá para sempre*». Palabra do Señor.

**(Narrador – Xesús - Xudeus).**